

## SESIÓN DE PLENO MUNICIPAL DE 18 DE XUÑO DE 2015

### **13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DOTACION ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. ADOPCION DE ACORDO.**

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

*Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello PROPÓNSE ó Pleno Municipal a adopción de acordo polo que:*

*a) Fixase unha dotación económica para Grupos Políticos da Corporación segundo o disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril co seguinte desglose:*

*1.-Compoñente fixo para cada grupo político: 150 € anuais.*

*2.-Compoñente variable: 100 € ó mes por cada Concelleiro, é dicir, 1.200 € ó ano por cada concelleiro integrado no Grupo.*

*Tódolos Grupos Municipais deberán solicitar a obter da Axencia Tributaria, o correspondente CIFE deberán cumprir co disposto no citado art. 73.3 no que se refire aos gastos excluídos con cargo ás dotacións de referencia e no que se refire á contabilidade específica da xestión da dotación e á súa dispoñibilidade aos requirimentos que se é o caso efectúe o Concello Pleno.”*

A Corporación municipal cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura e Balseiro López e coa abstención dos Sres/Sras. López López, López Hermida e Pernas Quelle, acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.